



Resolución do 7 de setembro de 2020, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se resolve a convocatoria, en comisión de servizo, de postos vacantes de nova creación entre funcionarios dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza, efectuada por Resolución do 20 de xullo de 2020.

Con data do 21 de xullo de 2020 publicouse na intranet de Xustiza e mais na web da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a Resolución do 20 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión en comisión de servizo, de forma temporal e por petición da persoa interesada, de postos vacantes de nova creación entre funcionarios dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza.

O artigo quinto da dita resolución establece que o prazo de presentación de solicitudes é de dez días hábiles dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria.

Vistas as solicitudes presentadas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar, e facer pública no anexo I da presente resolución, a listaxe das adxudicacións.

Segundo.- Aprobar, e facer pública no anexo II da presente resolución, a listaxe de persoas solicitantes admitidas non adxudicatarias, por corpo e orde de puntuación.

Terceiro.- Aprobar, e facer pública no anexo III da presente resolución, a listaxe de persoas excluídas e a causa da súa exclusión.

Cuarto.- As comisións de servizo adxudicadas comezarán o vindeiro día 1 de outubro de 2020.

Quinto.- Todo o persoal funcionario seleccionado deberá incorporarse ao órgano xudicial asignado o vindeiro día 1 de outubro de 2020. No caso de que algún dos adxudicatarios non se presente ao posto adxudicado, terase por renunciado e cubrirase o posto co seguinte funcionario da relación definitiva de puntuación.

Sexto.- Dende o día de inicio da comisión de servizos, as vacacións e permisos pendentes de gozar deberanse solicitar novamente no órgano xudicial asignado en comisión de servizos.





Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o xulgado competente no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso potestativo de reposición ante este mesmo centro directivo no prazo dun mes.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O director xeral de Xustiza

Juan José Martín Álvarez





ANEXO I

LISTAXE DE POSTOS VACANTES DE NOVA CREACIÓN ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS

XESTIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA

APELIDOS E NOME	POSTO DE ORIXE	PUNTUACIÓN TOTAL	CODIGO	POSTO ADXUDICADO
ROBERTO MANUEL PEREZ CASTRO	DECANATO. SERVICIO DE NOTIFICACIÓNS E EMBARGOS A CORUÑA.	66.55005	104226	FISCALIA PROVINCIA A CORUÑA
ISABEL REIGOSA NAVARRO	XDO. 1ª INSTANCIA 11 VIGO	32.65557	104244	FISCALIA DE AREA VIGO

TRAMITACIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA

APELIDOS E NOME	POSTO DE ORIXE	PUNTUACIÓN TOTAL	CÓDIGO	POSTO ADXUDICADO
AGUSTIN FERNANDEZ SOBRINO	XDO. DE VIOLENCIA SOBRE A MULLER 1 A CORUÑA	4229447	104227	FISCALIA PROVINCIAL A CORUÑA
BELEN PITA HIDALGO	XDO. 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN 1 NEGREIRA	18.47779	104228	FISCALIA AREA SANTIAGO

Os postos do corpo de tramitación con códigos 104245 (Fiscalía de Area de Vigo), 104246 (Fiscalía de Area de Vigo) e 104245 (Fiscalía de Area de Santiago), quedan desertos.

ANEXO II

LISTAXE DE PERSOAS SOLICITANTES ADMITIDAS NON ADXUDICATARIAS, POR ORDE DE PUNTUACIÓN

APELIDOS E NOME	CORPO	PUNTUACIÓN TOTAL	CÓDIGO
MARIA JOSE DIEZ REIGOSA	CXPA	65.87227	104226
JULIA RUA NIEVES	CXPA	22.32223	104226
ANA TERESA MIGUELES UCHA	CXPA	13.70556	104244





ANEXO III

LISTAXE DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSA DE EXCLUSIÓN

APELIDOS E NOME	CORPO	CAUSA DE EXCLUSIÓN
MARIA ELENA BARREIRA FERNANDEZ	CTPA	Non cumprir co establecido na base 4ª da convocatoria
ESTEFANIA PORTELA DOPICO	CTPA	Informe desfavorable (base 4ª da convocatoria)
LEOPOLDO ALVAREZ FERNANDEZ	CTPA	Informe desfavorable (base 4ª da convocatoria)
DAVID PARADA LOPEZ	CTPA	Informe desfavorable (base 4ª da convocatoria)

